

A TORTA DO PRESIDENTE

1676

Hasan Hadi, 2025

ESTREA EN NUMAX: 06.02.2026 | V.O.S.E. | +12 | 105 min

Iraq, anos noventa. A pequena Lamia recibe a misión de preparar unha torta con motivo do aniversario do presidente Saddam Huseín. Acompañada polo seu amigo Saeed e co seu galo Hindi ao lombo, percorre Bagdad en busca dos ingredientes, vivindo unha serie de peripecias que alterarán por completo a súa vida cotiá.

«Conmovedora fábula sobre a forza da infancia»

DÍAS DE CINE



Entrevista con Hasan Hadi: «Quería mostrar un período da historia iraquí que nunca fora presentada en pantalla»

O punto de partida da historia é sorprendente: un pastel de aniversario convértese nunha cuestión de vida ou morte. De onde sae a idea? Remóntase aos meus recordos de infancia en Iraq, baixo o réxime de Saddam Huseín. Todos os anos, o noso profesor entraba en clase cunha cunca e pedíanos que puxésemos os nosos nomes nel. Despois botábao a sortes e o alumno elixido tiña que preparar a torta de aniversario do presidente. Logo elixíase a outros alumnos para que se ocupasen da froita, a decoración, os produtos de limpeza, as flores... Un ano, elixíronme a min para levar as flores. Creo que aínda conservo unha foto miña co ramo na man e recordo o alivio da miña familia: só tiñan que dar coas flores. Por suposto, naqueles días, a corrupción estaba en todas partes debido ás sancións. Abondaba con lle facer un favor ao profesor —arranxarlle a bicicleta, cortarlle o pelo— para safar da lotaría. E entón sobrevivías. Pero se non podías facer iso, as túas posibilidades diminuían.

A película bascula constantemente, con gran delicadeza, entre o realista e o onírico. Como conseguiu manter o equilibrio, tan delicado de conseguir, e por tanto fácil de perder? Se lle dixese que medrei nunha vila onde as casas flotaban sobre a auga, onde iamos á escola ou visitabamos os amigos en barco, que pola noite as nosas casas parecían estrelas escintilantes no ceo escuro e que podías oír os animais próximos compoñendo unha caste de sinfonía que parecían orquestrar eles mesmos, pensaría que lle conto un conto de fadas ou unha escena sacada directamente dunha película de Disney. E, con todo, é certo. Ese lugar existe. Esa xente existe. E levan miles de anos vivindo así.

Na película mostra as dificultades da vida cotiá dos iraquís en diversos aspectos. Pero ao mesmo tempo, tense a sensación de que a película non quere propoñer ningunha crítica social ou política. Foi algo buscado? Non me interesan as películas con mensaxe nin as obras militantes que expoñen un punto de vista político. O importante para min é revelar emocións humanas auténticas, loitas íntimas, vínculos entre persoas, historias da vida real. Para esta película tentei evitar calquera declaración abertamente política. O meu obxectivo era mostrar personaxes e un período da historia iraquí que nunca antes fora presentada en pantalla. Son consciente de que a película é, en certo xeito, comprometida, pero iso é inevitable cando se fala de Iraq na época de Saddam Huseín, baixo o réxime de sancións e guerras. Tamén me interesaba que os iraquís do montón fosen os "heroes" desta historia e non os soldados, como adoita ocorrer nas películas sobre Iraq.

Sadam Huseín é unha figura omnipresente ao longo da película. Cando aparecen as imaxes de arquivo, ao final, o impacto permanece intacto, seguido dun sentimento máis complexo. Por que decidiu terminar así a película? “O Gran Irmán vixíate”. O máis estraño é que é algo que levamos dentro, como inscrito no noso ADN desde o nacemento: nunca criticamos a Saddam e nunca falamos negativamente del en público. Ninguén cho dicía explicitamente, pero intuíalo desde moi pequeno. Cando medrei, deime conta do aterrador que era mencionar o seu nome ou falar mal del: era máis doado blasfemar contra Deus que contra Saddam. O seu aparello de vixilancia era omnipresente, mesmo dentro do seu propio goberno. Por iso, na película, aparece como unha sombra permanente: observa todos os movementos do seu pobo, ás veces cun sorriso, ás veces cunha mirada severa.